



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DUN SERVICIO DE PRODUCCIÓN, APERTURA E VIXIANCIA PARA A EXECUCIÓN DE ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES NO AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE ASÍ COMO DOS SERVIZOS DE PRODUCCIÓN NO MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO (MIHL) E DE ACTIVIDADES NA RÚA E OUTROS LUGARES ORGANIZADOS POLA CONCELLERÍA DE CULTURA DO CONCELLO DE LUGO.

Sendo as 13:30 horas do día **22 de xullo de 2013**, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla, 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Ilma Sra Tenenta de Alcalde delegada da área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, actuando como vocais dona Carmen Basadre Vázquez, Concelleira delegada da área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, don Anton Bao Abelleira, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ángel Trabada Gómez, polo Grupo Municipal do Partido Popular, dona Elva Anido Anido, en substitución do Interventor Xeral do Concello, don Luis A. Casais Fernández, titular da Asesoría Xurídica e actuando como Secretaria dona Ana Tabarés Martínez técnico de administración xeral do servizo de contratación, patrimonio e fomento

Asisten ó acto tamén dona Sonia Fernández, en representación da empresa: LUZSONGA, S.L., don David Melero en representación da empresa LUZ PUNTUAL, S.L., don Ángel Modia, don Arturo Vaquero e don Francisco González en representación da empresa ESCOITAME PRODUCCIÓN, S.C., don Antonio Reija e don Xose Manuel Blanco en representación da empresa NALGURES PRODUCCIÓN, don Ignacio Crecente, representante da empresa ALENTI, SOLUCIONES PARA EVENTOS, S.L e don Luis Fragio Rodriguez.

Abre a sesión a Sra Presidenta e dáse conta ós asistentes do erro producido no cálculo das baixas temerarias como resultado da exclusión do procedemento da empresa MIÑOMEDIA por superar o prezo de licitación de tal modo que é preciso un novo cálculo das ofertas temerarias dando como resultado que trala aplicación do apartado 4 do artigo 85 do RD 1098/2001 resulta que a empresa ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS atópase en baixa temeraria respecto á oferta presentada para a tipoloxía de xornada tipo E debendo procederse á conceder un trámite de audiencia para xustificar a súa oferta.

Por outra banda ponse de manifesto que a empresa LUZ PUNTUAL S.L. presentou un escrito de alegacións contra a acta de 10 de xullo de 2013 solicitando que quede sen efecto a proposta de adxudicación a favor da empresa ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L.



CONTRATACIÓN

MLA

Refª: Acta baja temeraria ALENTI e alegacions 22 xullo 2013

Asunto:

Procedese a continuación a dar conta de cada unha das alegacións postas de manifesto no dito escrito e a informar cada unha delas por parte da Secretaria da Mesa:

- Manifestan que se presentou un recurso por parte de Nalgures S.L sobre as bases do concurso que non se publicou nin o recurso nin a resolución e que non se informou ás empresas. Solicitan a publicación íntegra

Pola Secretaria da Mesa informase que a desestimación do recurso interposto foi notificado á recurrente NALGURES. En todo caso informase de que poden solicitar copia tanto do recurso como da súa desestimación, así como copia de todo o expediente xa que non procede a publicación.

- Manifestan que houbo dúas publicacións da acta da mesa de 21 de maio de 2013 e que se manipulou os datos da oferta de MIÑOMEDIA (colleron os importes e os dividiron entre os máximos) e que logo houbo outra acta. Solicitan ambas publicacións.

No expediente consta a acta de 21 de maio que está publicada no perfil do contratante na actualidade e que reflicte fielmente a oferta presentada por MIÑOMEDIA que foi leída – xunto con tódalas demais ofertas- en este acto público. É certo que na sesión en acto público (con lectura pública das ofertas presentadas por tódalas empresas) púxose de manifesto a interpretación favorable á admisión da empresa á licitación ententendo que de unha simple operación aritmética se deducía con toda facilidade o prezo unitario, deste xeito a empresa presentaba unha oferta en baixa temeraria.

- Alegan que houbo dúas alegacións por parte de LUZ PUNTUAL e ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L. que non se publicaron nin se informou ós recurrentes.

Efectivamente houbo dúas alegacións de LUZ PUNTUAL e ALENTI das que se deu conta en acto público na xuntanza da Mesa de Contratación do 10 de xullo e que foron estimadas dando como resultado que MIÑOMEDIA S.L. foi excluída do procedemento, tal e como solicitaban as interesadas

- Alegan que na publicación colgada da acta de 10 de xullo de 2013 non se publicou o informe técnico de Cultura e que se está dando puntuación a ESCOITAME.

Na acta da Mesa de Contratación do 10 de xullo figura transcrito literalmente o informe técnico da xefa de sección de Cultura e así consta publicado no perfil do contratante actualmente.

Respecto á puntuación outorgada a ESCOITAME PRODUCCIÓN que se reflicte na táboa que figura na acta vén derivada de que non se volve a recalcular as

puntuacións unha vez excluída unha empresa que está en baixa temeraria, non tendo transcendencia algunha na adxudicación o feito de que se reflicta ese dato

- Manifestan que para o cálculo da baixa temeraria debe aplicarse a porcentaxe do 25% establecido tanto pola Lei como pola Xurisprudencia

O artigo 85 do RD 1098/2001 establece no apartado cuarto o procedemento para cálculo de baixas temerarias nos casos de presentación de catro ou máis licitadores, como é este caso sendo así que a Mesa aplicou o procedemento regulamentariamente establecido.

- Finalmente manifestan a disconformidade coa proposta de adxudicación á ALENTI sen que se pedise xustificación da baixa desproporcionada e sen excluíla do procedemento.

Efectivamente existe un erro na proposta de selección da empresa ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS realizada na xuntanza de 10 de xullo xa que se atopa en baixa temeraria en relación co tipo E.

En todo caso isto non supón unha exclusión automática do procedemento senón que procede tramitar o procedemento indicado no artigo 152 do Texto Redundido da Lei de Contratos do Sector Público

O representante de LUZ PUNTUAL intervéñ reitando as súas alegacións do mesmo xeito que o representante de ESCOITAME que intervéñ en varias ocasións no mesmo sentido. Realízanse manifestacións sobre o contido dos pregos técnicos. A Presidenta contesta que non é momento agora de realizar alegacións sobre os pregos e que en todo caso as alegacións presentadas xa están contestadas.

Polo exposto a Mesa de Contratación por unanimidade acorda informar desfavorablemente as alegacións presentadas por LUZ PUNTUAL de conformidade co manifestado pola Secretaria da Mesa.

Asimesmo e á vista de que a empresa ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L. presenta unha oferta económica para o TIPO E que está incurso en baixa temeraria, os membros da Mesa acordan por unanimidade conceder un trámite de audiencia de dez días hábiles para que xustifiquen a valoración da súa oferta deixando sen efecto a proposta de adxudicación realizada pola Mesa en sesión celebrada o 10 de xullo de 2013

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

Asdo: Sonia Méndez García

A SECRETARIA

Asdo: Ana Tabares Martínez